



**O Concello de Lugo convoca  
o 13º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre  
"Cidade de Lugo"  
de acordo coas seguintes bases:**

- 1º.-** Poderán participar neste certame todos os artistas que o desexen. Cada autor só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.
- 2º.-** O estilo e a técnica serán libres e a súa temática xirará en torno á cidade de Lugo. O espazo físico debe ser o interior do recinto amurallado e a parte superior da muralla, denominado adarve ou paseo de ronda. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural.
- 3º.-** As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes e serán gratuítas. O Certame terá lugar o domingo, día 14 de xullo de 2013.
- 4º.-** Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se exporá a súa obra.
- 5º.-** O soporte non sobrepassará as medidas de 100 x 81 cm., e presentarse o día do Certame de 9.00 a 11.00 da mañá no Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.



**6º.-** O tempo para presentar as obras rematará ás 17.00 horas e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas. A partir dese momento os autores dos cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras, asinándoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe. Esta exposición ao aire libre prolongarase ata as 20.00 horas. Mesmo os participantes poden acudir con obras non premiadas de edicións anteriores e poñelas á venda xunto coas deste ano.

O xurado que avalíe as obras estará composto por profesionais das artes plásticas.

**7º.-** As obras premiadas pasarán a ser propiedade Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

**8º.-** Entre os días 15 e 19 de xullo vaise realizar a exposición das obras no corredor da Casa do Concello. Os autores das obras non premiadas dispoñerán de prazo ata o día 26 de xullo para a súa retirada; de non facelo, enténdese que renuncian á propiedade da obra e esta pasa ó Concello. As obras non premiadas e que os seus autores non as retiren, pasado o prazo dun mes, pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo.

**9º.-** O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá do deterioro que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.

**10º.-** Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

**1º.- 1.000€ e diploma**

**2º.- 700€ e diploma**

**3º.- 500€ e diploma**

**Premio especial ao artista local, nacido ou residente en Lugo, non compatible coa obtención dos outros premios.- 450€ e diploma**  
**6 accesits de 300€ e diploma**

**11º.-** Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, por favor, póñanse en contacto co Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua nos teléfonos

**982 297 212 / 17 / 57**

**ou no correo e cultura@concellodelugo.org**

**12º.-** A participación neste Certame implica a aceptación total das presentes bases.

**13º CERTAME DE  
PINTURA RÁPIDA  
AO AIRE LIBRE  
"CIDADE DE LUGO"**

**14 DE XULLO DE 2013**

